

Memoria de
actividades
Erasmus+ Argentina
2021-2022

Llora Mejuto Mosteiro
CIFP Ángel Casal - Monte Alto

Memoria de actividades - Erasmus+ Argenta 2021-2022

Llara Mejuto Mosteiro.

As actividades desenvoltas neste Erasmus de formación foron as seguintes:

Primiero día:

a) Conferencia – Encontro a cargo de Ilaria Bosi:

- Presentación do sistema educativo pedagóxico formativo do sistema integrado público e privado dos servizos educativos para a infancia da cidade de Argenta.
- Panorámica do sistema socio-formativo integrado.
- Importancia dos contextos educativos de calidade e da coordinación pedagóxica.
- A relación pedagóxica sistémica.

b) Visita aos nidos Dalí e Gaudí. Visita aos espazos dos nidos e coñecemento dos material cos que traballan nos mesmos.

Segundo día:

Formación de campo de observación. Divididos en varios grupos levamos a cabo observación nos servizos educativos Dalí e Gaudí de Argenta.

A primeira hora da mañá tivemos un encontro coa pedagoga Ilaria Bosi para a organización da xornada de observación dos contextos, espazos, experiencias e dos grupos de observación pedagóxica.

Despois dividímonos en dous grupos e fixemos observación directa dos nidos Gaudí e Dalí. A observación durou toda a mañá, ata que as crianzas comezaron a durmir a sesta.

Na xornada da tarde puxemos en común a experiencia da mañá e aclaramos dúbidas que xurdiran durante a mesma. Tamén asistimos a unha conferencia/encontro pedagóxico sobre planificación pedagóxica, documentación e sostibilidade no cambio consciente do sistema educativo e formativo (importancia de dirixir a reflexión no ámbito educativo). As temáticas a tratar foron:

- Deseño pedagóxico.
- Planificación educativa.
- Documentación pedagóxica.

- Avaliación pedagóxica.
- Informe educativo.
- Relación educativa.
- Estilo educativo-formativo.
- Mirada sobre os servizos.
- Arte e pedagogía – percepción cognitiva.

Terceiro día:

Formación de campo e observación na experiencia pedagóxica rural Baby Ranch. As actividades levadas a cabo foron as seguintes:

- Encontro e presentación do servizo, a cargo de Ilaria Bosi (pedagoga) e Milena Mezzeti (responsable do servizo): experiencia educativa nun entorno rural, integración da linguaxe arte-natureza.
- Observación de campo das experiencias.
- Realización dun obradoiro proposto polo equipo educativo e pedagóxico que xiraba en torno a temática arte e natureza.
- Preguntas e entrevistas durante o desenvolvemento das sesións.

Na xornada de tarde as actividades realizadas foron:

- Presentación e visita á escola Doré. Presentación formativa a cargo do equipo educativo da escola (o Ilaria Bosi, Irene Saltari e Sara Monterastelli).
- Visita e observación dos espazos e materiais da escola.

Cuarto día:

Encontro coa pedagoga Ilaria Bosi para a organización da xornada de observación dos contextos, espazos e organización dos grupos de observación pedagóxica. Dividímonos en tres grupos para realizar as observacións nos nidos Gaudí, Dalí e Doré durante toda a xornada de mañá.

Posta en común das experiencias observadas e resolución de dúbidas.

Pola tarde charla: “Enfoque temático de análise en profundidade”:

- Investigación – acción.
- Desenvolvemento de reflexións sobre o contexto da práctica educativa.
- Deseño pedagóxico.
- Imaxe e filosofía do servizo.

Quinto día:

Presentación do Centro para a Familia e profundización nas áreas de intervención:

- Asesoramento pedagóxico.
- Mediación familiar.
- Espazo de información ás familias.
- Formación para a familia, nais, pais.

Posta en común do aprendido durante a semana formativa e despedida.